

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓNS PARA A SÍNDROME DE DOWN (DOWN GALICIA) E A SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA (SGXX) PARA FAVORECER O ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE DE PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL

En Santiago de Compostela a 15 de Xaneiro de 2014

REUNIDOS

Dunha banda D. Delmiro Prieto González, con D.N.I núm. 71.497.418-D, como Presidente da Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA) con CIF G-15665144 e domicilio en R/ Alejandro Novo González, nº1, Santiago de Compostela.

Doutra banda, D. José Carlos Millán Calenti, con DNI núm. 33.228.334-G, como Presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria con CIF G-32117921 e domicilio en R/ San Pedro de Mezonzo, 39-41, Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para asinar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA) é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo o seu obxectivo xeral Coordinar, apoiar e impulsar a labor de contribución das entidades membro cara a mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e a das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención das Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

SEGUNDO: Que a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria é unha sociedade científica interdisciplinaria que ten como o obxectivo Promove-los coñecementos xerontolóxicos tanto clínicos, como biolóxicos, psicolóxicos e sociais, orientados ó fomento da xerocultura, enfermería xeriátrica, xeriatria, educación en/ou para o avellentamento e cuestións afíns ó mesmo na Área xeográfica de Galicia.

TERCEIRO.- Que ambas entidades comparten que as persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, constitúen un grupo social importante dentro do colectivo das persoas maiores, polo que resulta de interese por ambas partes establecer un acordo marco de colaboración en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Finalidade do acordo

O obxecto do presente Acordo Marco é o establecemento das bases polas que se rexerá a colaboración entre a Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (Down Galicia) e a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria para a posta en marcha e

desenvolvemento de medidas de avance no proceso de envellecemento activo e saudable das persoas con discapacidade intelectual.

A este acordo marco poderán sumarse as entidades membro da Federación Down Galicia que sexa necesario para a consecución dos fins perseguidos mediante a firma dunha adenda entre a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria e cada unha das entidades membro da Federación Down Galicia.

SEGUNDA: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias das medidas previstas neste acordo serán as persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual en proceso de envellecemento ou próximas a este, as propias familias ou representantes legais, así como profesionais de servizos (sanitarios, residenciais, de emprego, de formación,...) implicados na súa atención.

TERCEIRA: Propostas xerais de colaboración

Ambas entidades se comprometen a participar e colaborar activamente nas actividades e proxectos que se acorde establecer e que irán encamiñados, en termos xerais, a:

1. Intercambio de información sobre o perfil e as necesidades do colectivo.
2. Asesoramento e traballo compartido no deseño e posta en marcha de programas de envellecemento activo e saudable, tanto específicos para persoas con discapacidade intelectual, coma normalizados para o conxunto de poboación de persoas maiores dos que os destinatarios deste acordo se poidan beneficiar.
3. Buscar fórmulas para mellorar o proceso de envellecemento do colectivo, a través de recursos, estratexias e metodoloxías de intervención axeitados e adaptados.
4. Promover accións que contribúan a unha maior visibilización, participación e inclusión das persoas maiores con discapacidade intelectual en programas e servizos da comunidade.
5. Colaboración nas actividades/ xornadas de formación, sensibilización, información e sensibilización que se poñan en marcha dende algunha das partes implicadas en este acordo, facilitando a participación dos profesionais especialistas de ámbalas dúas entidades e das entidades membros da Federación Down Galicia sumadas o presente acordo, de cara a promocionar as súas actividades, servizos, visión e filosofía.
6. Promover a posta en marcha de cantas actividades de investigación e innovación consideren oportunas a fin de coñecer mellor a situación actual e a evolución das persoas con discapacidade intelectual que envellecen.
7. Promover a elaboración, publicación e difusión de materiais (de sensibilización, difusión, manuais de boas prácticas, recomendacións,...) que se consideren axeitados para algún dos grupos de destinatarios deste acordo (persoas con discapacidade, familias, profesionais sanitarios, profesionais de servizos,...).

CUARTA: Protección de datos e confidencialidade

As partes asinantes arbitrarán todas as medidas que sexan precisas para a debida custodia dos datos ós que teñan acceso e á confidencialidade no seu uso, nos termos que establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

QUINTA: Seguimento e avaliación do acordo

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados do presente acordo, constituirase unha comisión de seguimento, composta por dous representantes de Down Galicia e dous da

Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría. Esta comisión reunírase, con carácter ordinario, unha vez ó ano.


SIXTO.- Vixencia

O presente Acordo entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e terá un período de vixencia indefinido, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cun pre aviso de 30 días de antelación.

O acordo obriga ó cumprimento do expresamente pactado, e as partes sométense ó acordado en todas as estipulacións. Como proba de conformidade, as partes intervintes asinan por triplicado o presente Acordo no lugar e datas indicados ó inicio do mesmo.



Asdo: D. José Carlos Millán Calenti
Presidente Sociedade Galega de
Xerontoloxía e Xeriatría



Asdo: D. Delmiro Prieto González
Presidente Down Galicia